



A modo, a modiño Contacontos infantil de Trécola Teatro

Mércores 2 de maio

18.00 h | Ludoteca Municipal

Tring, tring, tring! Miska e Muska son grandes amigas unidas por unha paixón común: a bicicleta! Tras un inesperado reencontro, comezarán a rememorar historias que viviron xuntas.

Participación: nenos/as de 3-8 anos. É necesario recoller convite, de balde, na

Biblioteca Rego da Balsa desde o 25 de abril.

Organiza: Concello de Carballo – Biblioteca. Programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia



Descubrinto a disciplina positiva

**Obradoiro de
Raquel Bello, de
Espazo Oikos**

Xoves 10 de maio

18.00 h | Pazo da Cultura

Obradoiro de introdución á disciplina positiva para coñecer e traballar recursos e ferramentas para educar centrándose nas solucións e amosando, á vez, firmeza e cariño, procurando evitar berros e castigos, xestionar ben os conflitos e fomentar o respecto mutuo.

Participación: dirixido a nais e pais. Máximo 30 persoas por orde de inscrición. Para un mellor aproveitamento da sesión recoméndase asistir sen os/as nenos/as. Inscrición previa de balde desde o día 3 de maio no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística



María Victoria Moreno, unha historia de amor

**Obradoiro con Polo
Correo do Vento**

Martes 15 de maio

18.00 h | Biblioteca Rego da Balsa

Obradoiro creativo no que se recreará a vida e a obra de María Victoria

Moreno, autora homenaxeada co Día das Letras Galegas 2018.

Participación: para nenos/as a partir de 3 anos. Inscrición previa, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 8 de maio (981 758 580 | biblioteca@carballo.gal).

Organiza: Concello de Carballo – Biblioteca. Programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia



+info:

Para o proxecto Apego e as actividades organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL)

Pazo da Cultura 2.º andar
981 704 304
nelvidal@carballo.gal

Para as actividades organizadas pola Biblioteca Rego da Balsa ou a Ludoteca

981 758 580
biblioteca@carballo.gal

www.carballo.gal

www.apego.gal

apego

Actividades
para a
socialización
en galego da
infancia

**Maio e
xuño de
2018**



Día das Letras Galegas

Xoves 17 de maio

Procuramos que a lingua se celebre e use ao longo de todo o ano, pero aínda así no mes de maio, mes das letras, desenvólvense actividades especiais. E tamén o propio día, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, este ano dedicadas a María Victoria Moreno. Véxase no seu momento o programa en www.carballo.gal.

Ese día, ademais, en Carballo tamén se celebra o Pequebasquet: www.diapequebasket.es



Obradoiro práctico Montessori

Con Giovanna Pose, guía Montessori en Aura Carballo

Martes 22 de maio, ás 18.00 h:
para familias con nenas/os de 3 a 5 anos.

Xoves 24 de maio, ás 11.00 h: para familias con bebés de 0 a 12 meses.

Salón de actos do Pazo da Cultura

Obradoiros prácticos dirixidos a nais e pais en que se traballarán dinámicas sobre a linguaxe, o movemento, a área

sensorial e cognitiva, a vida práctica e social e a educación artística, sempre a partir do método educativo Montessori e aprendendo a acompañar os nosos fillos e as fillas no proceso de aprendizaxe do que son protagonistas. Haberá dous obradoiros, adaptados ás correspondentes idades.

Participación: dirixido a familias con nenos/as segundo as idades indicadas para cada día. Poden participar un máximo de 15 familias en cada un dos obradoiros, por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 15 de maio no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística e Aura Carballo



Gliz. O pastor de nubes e o pintor de flores

Contacontos de Anxo Fariña

Mércores 6 de xuño | 18.00 h | Biblioteca Rego da Balsa

Unha narración oral con divertidos xogos motrices e con debuxo en directo do escritor e ilustrador Anxo Fariña.

Participación: nenos/as a partir de 5 anos. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 30 de maio.

Organiza: Concello de Carballo – Biblioteca. Programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia



Musicreques Contacontos musical

Mércores 20 de xuño

17.00 h | Biblioteca Rego da Balsa

Contacontos acompañado de efectos musicais, cancións, manipulación de obxectos, ilustración e rimas e cunha chea de historias en que as nenas e nenos participan.

Participación: máximo 30 nenos/as de 0-3 anos. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 13 de xuño.

Organiza: Concello de Carballo – Biblioteca. Programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia



Gatuxo

Espectáculo músico-teatral de Magín Blanco e cía

Mércores 6 de xuño

18.00 h | Auditorio do Pazo da Cultura

Música, teatro, contos e moito máis para @s máis cativ@s da casa, e tamén para papás, mamás, avoas, avós... A crianza gatea para explorar e coñecer o mundo que os rodea.

Participación: bebés de 0 a 4 anos, acompañados/as de ata dúas persoas adultas. Recollida de convites desde o día 30 de maio na Biblioteca Rego da Balsa.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística



Coñece máis sobre o programa **Apego** no web www.apego.gal ou na páxina de Facebook **Apego.gal**

Estás a gardar un bebé? Parabéns!

Podés contactar co Servizo de Normalización Lingüística (981 704 304 | nelvidal@carballo.gal) do Concello de Carballo para inscribirte, comezar a formar parte do proxecto **Apego** e recibir os materiais de benvida! :-)

Tes fillas ou fillos de ata 6 anos?

Pois tamén podés dirixirte ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribirte no programa **Apego** e así recibir información sobre todas as actividades e recursos!